



Por que innovar?

Ao longo da historia de Inplasor Galicia, a innovación formou parte do ADN da cultura da empresa. E esta actitude e aptitude son claves para adaptarse aos cambios. As macro-tendencias cada día son máis globais. O que hoxe ocorre en Asia afecta en Europa no mesmo momento. Non se pode pensar que hai tempo para reaccionar. Cando hai un cambio de paradigma do mercado, o impacto é inmediato. Só fai falta ver, o exemplo da rotura de stocks das cadeas de subministracións que produciu o COVID-19. As formas de traballar do pasado quedaron obsoletas e hoxe as pemes e sobre todo as industriais, deben ser máis flexibles porque hai oportunidades cando se producen estes cambios de paradigma. As pemes innovadoras de Galicia poden ser máis áxiles nos momentos críticos e dar respostas aos seus clientes a diferenza das grandes compañías que necesitan máis tempo para solucionar os problemas.



Todo o que hai que saber sobre innovación está nos nosos cadernos, bota un vistazo.



Coñece outras historias de éxito da innovación galega protagonizadas por pemes.

Contacta con nós para poñer en marcha o voso propio proceso innovador.

Programa de impulso á innovación nas pemes

Área de Servizos

Axencia Galega de Innovación

981 957 300

gain@xunta.gal


Rúa Airas Nunes s/n

15702 – Santiago de Compostela

gain@xunta.gal




<http://gain.xunta.gal>



“O 2020 foi un cambio de paradigma multifactorial para toda a industria”

Inplasor empezou a súa actividade no ano 1997 a partir dunha pequena oportunidade e unha gran enerxía dos seus fundadores. Unha iniciativa emprendedora da familia Gómez que empezou esta aventura empresarial, sen saber cal ía ser o resultado. Sabían que en Citroën necesitaban subministracións dunhas pezas fabricadas mediante inxección de plástico. Alugaron unha nave e unha máquina de segunda man. O primeiro equipo de Inplasor Galicia estivo composto por seis persoas que empezaron a traballar en tres quendas, para dar resposta á necesidade do cliente.





INPLASOR GALICIA S.L.

Innovando para o vehículo do Futuro

NOME: INPLASOR GALICIA, S.L

LOCALIZACIÓN: SAN CIBRAO DAS VIÑAS , OURENSE

INICIO ACTIVIDADE: 1997

SECTOR: AUTOMOCIÓN



A primeira etapa de Inplator Galicia foi desde o seu nacemento no 1997 ata o ano 2008. Foron anos de crecemento, investimento e diversificación do negocio. **Todo o equipo** estivo sempre involucrado en procesos de **mellora continua**. Inplator Galicia sentiu sempre moi de preto, a **ameaza de grandes competidores como Portugal, Marrocos, Países do Leste e mesmo China**. Por iso, aposta pola **innovación como estratexia clave** para a súa competitividade e diferenciación no mercado. Como di a súa xerente Alicia Gómez *"senón se innova, se non se automatizan os procesos e se incorporan novas tecnoloxías de fabricación, é difícil ofrecer aos clientes prezos competitivos, de*

calidade e sobre todo produtos fiables". Desde hai anos, *Inplator Galicia pertence ao Cluster de empresas de automoción de Galicia (CEAGA).

A segunda etapa da historia iniciouse coa **crise financeira internacional do 2008** que fixo tambalear a moitas empresas en todos os mercados. **Algunhas pemes galegas souberon como adaptarse ao cambio**. Un exemplo diso foi Inplator Galicia que tivo que flexibilizar e simplificar as súas operacións, para dar resposta á aceleración que experimentou, neses anos, a industria da automoción. Un proceso que sen a cultura de innovación interna dos equipos non sería posible.

Nesa etapa, os esforzos nos proce-

“Empezamos sen ter experiencia, alugamos unha máquina de segunda man, para fabricar unhas pezas de inxección de plástico, para a Citroën Berlingo”

sos de innovación concentráronse en robotización da cadea de fabricación. Hoxe conta cun parque de inxectoras que son capaces de inxectar pezas que van desde menos dun miligrama ata 4 quilos.

Na actualidade, todas as cadeas de fabricación contan con robots e mecanismos automatizados que conseguen fabricar diariamente máis de 100.000 pezas seguindo controis de calidade específicos de cada sector.

A súa aposta pola **calidade e a certificación foron tamén elementos claves** para ser **unha peme TIR-2** no sector da automoción, ofrecendo un servizo adaptado a cada cliente, unha xestión áxil, flexible e eficiente, cumprindo os prazos e requisitos establecidos para calquera proxecto ou cliente con independencia do idioma, orixe ou destino. **Os mercados hoxe son globais** e as pemes industriais galegas deben estar preparadas para atender as demandas de calquera cliente internacional. Desde o 2008, a industria da automoción non parou de acelerarse e cambiar ata a chegada da crise do COVID-19.

A terceira etapa da historia de Inplator Galicia iniciouse no 2020. Como explica o seu xeren-

te *"o 2020 foi un cambio de paradigma multifactorial para toda a industria. A falta de produción dos semicondutores e outras variables fai que esteamos nun momento de incertidume"*.

No ano 2020, a empresa do polígono de San Cibrao das Viñas acaba de ser recoñecida con o **Premio á Elasticidade nos Procesos Productivos**, entregado por o **EACN** (European Automotive Cluster Network), que recoñece

as mellores prácticas e iniciativas innovadoras a nivel europeo nos seus **Best Practices Awards**. Inplator presentou o deseño propio dunha unidade robotizada. Trátase dunha solución global para a cadea de montaxe, cunha dúcia de funcións integradas para múltiples tarefas. Todo iso grazas á integración de cámaras con visión artificial e programación. O proceso de I+D+i foi realizado e implementado con medios internos e desenvolto integramente na súa planta de Ourense.

En definitiva, Inplator emprega a súa capacidade de innovar para competir nun mercado moi esixente e que se enfrenta a grandes cambios no futuro. Ademais, as alianzas entre os diferentes membros da agrupación industrial de automoción é clave para buscar solucións conxuntas e superar as barreiras actuais.

